

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2020.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra (que se incorpora á sesión no momento que se indica na presente acta).  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e sete minutos do día nove de novembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra (que se incorpora á sesión no momento que se indica na presente acta), D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 27 DE OUTUBRO DE 2020 E DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 2 DE NOVEMBRO DE 2020.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Liñares Gestal, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención da Sra. concelleira Figueroa Fuentes, a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión a que se refire a acta.

De seguido, de conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 2 de novembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión a que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria realizada en data 27-10-2020 e da sesión ordinaria realizada en data 02-11-2020.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

1 de 7

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02CV</b>	<b>USG/2020/164</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5R0K 6V2H 1P4I 2A14 00V1	

### Publicacións:

- Resolución do 29 de outubro de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. BOE núm. 291 do 04-11-2020.
- Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. BOE núm. 291 do 04-11-2020.

(Neste momento incorpórase á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra).

- Resolución do 30 de outubro de 2020, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública -Dirección Xeral da Función Pública-, pola que se convoca concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. BOE núm. 295 do 09-11-2020.
- Resolución do 30 de outubro de 2020, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública -Dirección Xeral da Función Pública-, pola que se publica a relación individualizada de méritos xerais dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. BOE núm. 295 do 09-11-2020.
- Orde do 27 de outubro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se amplía o prazo de xustificación da Orde do 21 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais da Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria de carácter extraordinario para o ano 2020 (código de procedemento CT235A). DOG núm. 223 do 04-11-2020.
- Anuncio do 23 de outubro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2019/569). DOG núm. 224 do 05-11-2020.
- Orde do 2 de novembro de 2020, da Consellería de Política Social, pola que se modifica a Orde do 4 de maio de 2020 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, e se convocan para os anos 2020, 2021 e 2022, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento BS631A). DOG núm. 226 do 09-11-2020.
- Orde do 3 de novembro de 2020, da Consellería de Política Social, pola que se fai público o incremento do crédito das axudas previstas na Orde do 4 de maio de 2020 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, e se convocan para os anos 2020, 2021 e 2022, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento BS631A). DOG núm. 226 do 09-11-2020.
- Resolución do 27 de outubro de 2020, do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se dá publicidade da resolución de concesión das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa de centros de fabricación avanzada), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. DOG núm. 226 do 09-11-2020.

C.I.F. P-1503100-H

- Extracto da Resolución do 29 de outubro de 2020, do Concello de Culleredo, pola que se convocan axudas do Concello de Culleredo adherido ao fondo de financiación para a reactivación económica e social da provincia da Coruña. BOP núm. 187 do 05-11-2020.
- Anuncio do 30 de outubro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, desde o día 29 de outubro de 2020 ás 12.51 e ata o día 9 de novembro de 2020. BOP num. 187 do 05-11-2020.
- Anuncio do 14 de outubro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo a delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 13 de outubro de 2020 desde ás 12.00 e ata o día 14 de outubro de 2020 ás 23.59 horas. BOP núm. 189 do 09-11-2020.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e asuntos da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

**\*\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
9/10/2020	1345	Concesión unha axuda económica.	***3282**	Bono de alimentos tipo C e bono de hixiene tipo B durante o ano 2020.	1075€
9/10/2020	1346	Concesión unha axuda económica.	***0381**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de abril a xullo de 2020 (225/mes) e agosto de 2020 (175€).	1075€
16/10/2020	1351	Autorización, disposición, recoñemento, ordenación e pago.	****8326*	Pago do recibo de aluguer, correspondente ao mes de abril de 2020.	350€
16/10/2020	1352	Autorización, disposición, recoñemento, ordenación e pago.	***7137**	Pago do recibo de auga correspondente ao 1º (84,46€) e 2º (87,66€) trimestre de 2020.  Pago do recibo de electricidade correspondente ao periodo do 9 de xuño ao 11 de agosto de	

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02CV</b>	<b>USG/2020/164</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5R0K 6V2H 1P4I 2A14 00V1</b>	

C.I.F. P-1503100-H

				2020(101,28€).  Pago do recibo de gas correspondente ao 13 de agosto de 2020 (100,33€).	
16/10/2020	1353	Autorización, disposición, recoñemento, ordenación e pago.	****0387	Pago do recibo de aluguer correspondente aos meses de xuño (250€), xullo (250€) e parte de agosto (75€) de 2020.	
16/10/2020	1355	Autorización, disposición, recoñemento, ordenación e pago.	****48808*	Pago do recibo de aluguer dos meses de agosto (150€), setembro (150€) e parte de outubro (25€) de 2020.	
16/10/2020	1356	Autorización, disposición, recoñemento, ordenación e pago.	***47280**	Pago o do recibo de aluguer do mes de maio a agosto (200€/mes) e parte de setembro (169,12€) de 2020.	
16/10/2020	1357	Concesión unha axuda económica.	****3481H*	Pago de alugueiro, correspondente aos meses de maio e xuño do ano 2020, por un importe mensual de 400€, e o mes de xullo de 2020 por un importe de 275€.	1075€

**\*TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
16/10/2020	1354	Concesión tarxeta estacionamiento	***9062**	10 anos
20/10/2020	1373	Concesión tarxeta estacionamiento	***6402**	10 anos

**1.AREA DE BENESTAR SOCIAL:**

**SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:**

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02CV</b>	<b>USG/2020/164</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5R0K 6V2H 1P4I 2A14 00V1	

## PROGRAMA I DE VALORACIÓN , ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN SOCIAL

- - Intervención comunitaria: Liña 3.B. de Igualdade de xénero , empoderamento e inserción laboral da muller

### CAMPAÑA 25 DE NOVIEMBRE: DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O 25 de novembro conmemórase o Día Internacional da eliminación da Violencia contra as mulleres, dende a súa declaración no ano 1999 polas Nacións Unidas, co fin de planificar e desenvolver accións conxuntas contra a violencia machista sufrida polas mulleres en todo o mundo, dende as múltiples manifestacións e que resta dereitos ás mulleres polo feito de selo. A Lei 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de muller e homes, fai referencia ás entidades locais, as cales integrarán o dereito de igualdade no exercizo das súas competencias e colaborarán, para tal efecto co resto das administracións públicas.

Por iso, este concello acaba de adherirse ao proxecto “DE FRONTE” impulsado pola Área de Igualdade da Deputación da Coruña co gallo da conmemoración do 25 de novembro. Esta adhesión leva unha serie de compromisos por parte das administracións que se suman, que son os seguintes:

- REXEITANDO de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade.
- REALIZANDO unha declaración institucional no contexto da conmemoración do día 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, convidando a poñerse de fronte á violencia de xénero.
- COLABORANDO activamente na creación dunha rede de entidades sensibles e comprometidas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero, fomentando a creación de sinerxias entre elas, coa propia Deputación da Coruña, e coa sociedade no seu conxunto.
- DIFUNDIDO as diferentes actividades en liña desta campaña, aumentando o alcance da mesma entre familias, profesionais da docencia e público en xeral.
- EMPREGANDO os recursos desta campaña como parte de futuras accións de sensibilización fronte ás diferentes formas de violencia que o heteropatriarcado exerce sobre as persoas, e de maneira especial, fronte á violencia de xénero.
- REFORZANDO o uso de linguaxe e imaxes inclusivas e non estereotipadas, promovendo outros modelos de masculinidade e feminidade.
- ESTENDENDO o convite da Deputación da Coruña a poñernos DE FRONTE á violencia de xénero, creando alianzas con outros axentes económicos, sociais, culturais, educativos, deportivos e de saúde para favorecer a inclusión en igualdade de condicións.

Ademais neste proxecto van incluído unha serie de recursos online, para a sensibilización da nosa comunidade, como palestras sobre a violencia de xénero desde diferentes perspectivas. Unha como a da mocidade, da man de Vanessa Rodríguez Pousada, outra, a das tecnoloxías da información, con Sara Vierna Fernández, e dos medios de comunicación, con Ana Sanmartín López.

Outra das accións propostas dentro desta Campaña é o *Desafío poético*, concurso que se desenvolverá entre o 4 e o 26 de novembro e que consiste en compartir en Facebook ou Twitter un texto poético, propio ou non. O premio serán tres bonos de 60€ para gastar en librerías da provincia.

Entre o 9 e o 15 de novembro desenvolverase unha actividade, guiada por Palmira Castro, de narración poética para todas as idades, conxuntamente cunha acción colectiva de origami nas redes sociais.

Para público infantil e familiar, ofrécense “Contos de nenas grandes e pequenas”, unha produción de Marta Ortiz e Brais das Hortas, en aberto do 23 ao 29 de novembro.

A estas actividades únese a creación dunha web específica da campaña, [defronte.gal](http://defronte.gal), que conta con información sobre o proxecto, propostas de recursos de utilidade e acceso ás diferentes actividades.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02CV</b>	<b>USG/2020/164</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5R0K 6V2H 1P4I 2A14 00V1	

Por último, a campaña verase reforzada por oito pequenos vídeos onde diferentes persoeiros da cultura galega recitarán versos contra as violencias machistas.

Igualmente estará á nosa disposición a descarga do deseño de materiais para a produción dos mesmos dende esta administración, así como a entrega efectiva dunha lona para a colocación durante a Campaña e de vinilos co lema “So hai unha forma de mirala: de fronte á violencia de xénero” para a súa distribución principalmente nos espazos públicos.

### **SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:**

#### **2.AREA DE SANIDADE:**

#### **PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE: “Culleredo saudable”**

##### ***\*\*Fomento da solidariedade en saúde***

#### **Campaña de doazón de sangue en Culleredo**

A Concellaría de Política social e promoción do deporte colaborará coa Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) do Sergas, na Campaña de doazón de sangue que terá lugar en Culleredo neste mes de novembro. Os lugares, datas e horarios de desenvolvemento da mesma son os seguintes:

- Vilaboa, o 6 de novembro, en horario de 15:30 a 21:00 h
- O Burgo, o 13 de novembro, en horario de 9:30 a 14:30 e 15:30 a 21:00 h”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Iglesias Becerra dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas da Concellería delegada da Área de Urbanismo:

#### **“COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 18 de setembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por R.R.F. para reforma interior de galería en vivenda situada en Rúa Anxo Senra Fernández, parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2019/251).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 28 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIFIO PASEO MARÍTIMO DO BURGO para obras de impermeabilización de trasdos sotos e garaxes, do edificio situado na Rúa Templarios 2-16, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/589).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 28 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por D.S.N., para apertura de oco en cerramento a patio interior edificio situado en Rúa Condes de Andrade, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/740).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 29 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por F.M.S.F., para obras de renovación de fontanería, alicatados, pintura de baños e cambios de portas, nunha vivenda situada na Rúa das Brañas, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/450).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 30 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por M.L.D., para obras menores de rehabilitación en vivenda situada en Rúa Laxe, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/437).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 30 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por F.C.V., para pintar fachada principal en vivenda situado en Rúa San

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I02CV</b>	<b>USG/2020/164</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5R0K 6V2H 1P4I 2A14 00V1	

Manuel, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/452).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 30 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por MT2001 SLU, para retirada de caixeiro automático nun local situado na Avda. do Portazgo núm. 8, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/453).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 30 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por S.G.E., para impermeabilización perimetral de fachada en planta baixa vivenda unifamiliar, situada en Rúa Rafael Dieste, Parroquia de Almeiras, (exp. UAU/2019/464).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 30 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por J.L.P., para instalación de rampla portal edificio, situado en Pza. de Santa Gema, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/465).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 30 de outubro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por E.M.V.V., para pintado de fachada en vivenda unifamiliar situada en Rúa Condes de Andrade, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/471).

Pola xefa da sección técnica de urbanismo informouse favorablemente en data de 3 de novembro de 2020, a comunicación previa obras, presentada por L.V.G. para o cambio de escaparate e porta de entrada no local situado na Avd. de Ribados, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/482)."

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H